

Queridos nenos e nenas:

Foi para nós un pracer recibir a vosa visita! Pasámolo moi ben contándovos as nosas cousas e o que facemos. Esperamos que dentro duns anos veñades a Universidade a estudar a carreira e se algún/a se anima a facer unha enxeñería volveremos a vernos por aquí!

Deixádeme que vos conte unha pequena historia de cada eu era neno.

Tería eu uns dez ou doce anos cando me levaron de excursión nun autobús no que ía un grupo de maiores e algúns nenos e nenas. Case non teño lembranzas dos sitios onde estivemos, nin o que comemos, nin sequera se me acompañaban os meus pais ou os meus irmáns. Pero houbo algo me quedou ben rexistrado na mente. Nunha das paradas que fixemos, o autobús parou á beira dun río. Unha ponte ben alta cruzaba ao outro lado. Toda a xente se asomaba e comentaba que tiña unha altura considerable e daba vertixe. Nisto unha das persoas da excursión que era mestre colleu unha pedriña, púxose a beira da ponte e díxome: “Mírame o tempo que tarda en caer á pedra hasta o río”. Deixou caer a pedra e cando fixo “plof” dixen: “3 segundos”; el fixo un cálculo mental rápido e respondeu: “A altura é de 45 metros!”.

Quedei abraiado! Non entendía como se podía chegar a aquel resultado e estiven moitos anos sen saber como se podía facer aquel cálculo. Anos máis tarde, quen me ía dicir a min que o meu traballo sería precisamente ensinar a resolver problemas de física como ese aos enxeñeiros e enxeñeiras!

Despois da vosa visita a nosa universidade, tal vez á algún/a de vós lle suceda algo así. Nese caso, lembrádevos daquel día e, sobre todo, dos vosos profes de 6º de Primaria. Vouvos dicir unha cousa: tedes moita sorte en ter uns profes coma eles, que se preocupan de vós, que buscan o mellor para a vosa educación e formación como persoas. Tedes que aprecialos moito, aínda que algún berre un pouco ou vos poña un negativo!

Unha aperta moi forte,

Pío González